GALIZA E A CORDILLEIRA CANTÁBRICA GAÑAN O SEU PRIMEIRO ASALTO CONTRA AOS MEGAPROXECTOS EÓLICOS

- **Galiza contribuíu dun xeito significativo ao Fondo para a Defensa Xurídica da Cordilleira Cantábrica.**
- **O FDXCC acadou un 22% máis do importe incialmente proposto, o que dá conta da inquedanza social que inspira a problemática ambiental e social xerada arredor da implantación de macroproxectos eólicos.**

Santiago de Compostela, a 7 de xuño de 2021.- Logo da multitudinaria manifestación que viviu Galiza o pasado 5 de xuño como mostra do amplo rexeitamento social contra o actual modelo de implantación da enexía eólica, a sociedade galega, xunto con outros territorios da Cordilleira Cantábrica, volve mostrar unha vontade decidida e inquebrantable de frear por todos os medios este modelo enerxético irracional, achegando o seu **destacado apoio ao fondo** para a defensa xurídica da Cordilleira Cantábrica.

A campaña de crowdfunding para crear o Fondo para a Defensa Xurídica da Cordilleira Cantábrica (FDXCC), que comezou o 22 de abril, Día da Terra, rematou este domingo 6 de xuño, coincidindo coa fin de semana do Día Mundial do Medio Ambiente. A iniciativa superou con folgura o seu obxectivo inicialmente marcado (40.500€) chegando a acadar os **49.434€**, importe que se destinará a defender esta área xeográfica natural dos abusos das grandes empresas enerxéticas.

Foron 46 días de intenso traballo desenvolvido polas entidades promotoras, entre as que se atopan dúas galegas, a **Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) e a Sociedade Galega de Ornitoloxía (SGO),** ademais da Plataforma por la Defensa de la Cordillera Cantábrica (PDCC), a Mesa Eólica de Las Merindades de Burgos, a Plataforma Bierzo Aire Limpio e a Plataforma para la defensa de los Valles Pasiegos.

As organizacións promotoras amosan unha grande satisfacción cos resultados da campaña obtidos xa que se superaron todas as expectativas, contabilizando un total de **834 doazóns,** das que unha parte moi significativa -pendente aínda de concretar a porcentaxe- teñen **procedencia galega**.

Entre as numerosas achegas de particulares, tamén procede destacar a contribución de **47 entidades** de toda a Cordilleira cantábrica, especialmente ecoloxistas e conservacionistas, pero tamén empresas de turismo, medioambientais e agroalimentarias. Destas, máis do **38% foron entidades galegas** ou que desenvolven a súa actividade en Galiza (*ver listado ao final da nota*).

O Fondo para a Defensa Xurídica da Cordilleira Cantábrica pretende recoller, asistir e apoiar as sensibilidades das numerosas iniciativas locais xurdidas nos últimos meses desde Galiza ata o norte de Burgos, desde o occidente de Asturias ata os vales *pasiegos*, desde O Bierzo ata as montañas leonesas ou palentinas.

O resultado obtido permite iniciar o proxecto con todos os recursos dispoñibles.

Conclusións despois destes resultados

1. Existe unha elevada motivación e preocupación nos territorios de Galiza, Asturias, Cantabria, Zamora, León, Palencia, Burgos, Euskadi, Navarra e A Rioxa, territorios nos que actualmente hai instaladas máis de 8.000 turbinas (só en Galiza, hai máis de 4.000) e nos que se proxecta a implantación dun número aínda maior.

   As mobilizacións cidadás dos últimos días, como a manifestación multitudinaria vivida o pasado 5 de xuño en Santiago de Compostela ou a de Quiroga e Ponferrada, confirman esta preocupación xeral que reflicte o inxente apoio a esta campaña de financiamento colectivo.

2. As entidades promotoras da iniciativa conseguimos comunicar claramente a nosa posición: confirmamos o noso compromiso coas enerxías renovables -principalmente a pequena escala baseada no autoconsumo ou na proximidade dos grandes polos de uso enerxético-, pero denunciamos a falta dunha adecuada planificación territorial e a nula sensibilidade ambiental e social de moitos dos proxectos en proceso no norte do Estado español, en contornas de enorme interese natural e paisaxístico.

Situación e problemática

A situación volveuse moi preocupante nos últimos meses, cunha enxurrada inquietante de macroproxectos en tramitación en Galiza e en toda a Cordilleira Cantábrica (véxase a cartografía do proxecto en www.fdjcc.org/gl), nun contexto normativo aínda por desenvolver ou desfasado, como no caso galego, no que destacaba hai poucas semanas a aprobación do PNIEC (Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima , publicado no BOE o 31/03/2021) e da recente Lei de Cambio Climático, cunha **clara falta de xestión, planificación e zonificación** por parte, tanto das administracións autonómicas, como do propio Ministerio para a Transición Ecolóxica.

Obxectivos do proxecto

O Fondo para a Defensa Xurídica da Cordilleira Cantábrica actuará en varias frontes: a través da defensa xurídica, promovendo accións xudiciais no ámbito xudicial europeo, estatal e autonómico contra as actuacións das administracións públicas e contra a normativa sectorial que elude a planificación e a ordenación territorial previas ou que

contraveñan o tratado internacional que regula os dereitos de participación cidadá en relación co medio ambiente.

O Fondo tamén proporcionará apoio a grupos, asociacións e comunidades locais que perseguen os mesmos obxectivos de defender a biodiversidade e a paisaxe e poñerá a disposición do público unha base de coñecemento con recursos legais, bibliográficos e cartográficos para facilitar a participación cidadá.

Máis información sobre o proxecto e recursos para os medios en www.fdjcc.org/gl

---

CONTACTOS PARA MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Belén Rodríguez – ADEGA 637 99 45 00

Ernesto Díaz - Plataforma pola defensa da Cordilleira Cantábrica 676 05 54 05

Luis Fernández – Bierzo Aire Limpio 651 89 65 14

Aitor Lobato – Plataforma para la defensa de los Valles Pasiegos 659 65 45 35

Juan Ángel de la Torre - Mesa eólica de Las Merindades de Burgos 646 30 32 02

Entidades que fixeron achegas ao FDXCC:

1. Asociación A Volta Grande do Courel
2. Asociación Asturiana de Amig@s de la Naturaleza - ANA
3. Asociación Biodevas
4. Asociación de Amigos de los Montes Aquilianos
5. Asociación de Desenvolvemento Rural Serra do Caurel
6. Asociación de Naturalistas Palentinos - ANP
7. Asociación Ecofeminista Petra Kelly
8. Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza - ADEGA
9. Asociación para el Estudio y Protección de la Naturaleza "URZ"
10. Asociación Rebinxe pola Recuperación da Biodiversidade
11. Asociación Veciñal, Cultural, Deportiva e Recreativa do Barrio de Agra de Orzán
12. Asociación Verdegaia
13. Ateneo La Guiana
14. Aula Forestal de El Bierzo
15. Bodega Descendientes de J. Palacios
16. Cantabria No Se Vende - CNSV
17. Casa Rural Apeztxea-Landtxea
18. Casa Rural Ulle Gorri
19. Casa Rural Villa Slow
20. Club Montañas de Trevinca
21. Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia
22. Colectivo Tambarón
23. Conceyu País Llionés
24. Distrito Xermar - Estudio Creativo
25. Federación Ecoloxista Galega

26. Fundación Naturaleza y Hombre - FNyH
27. Fundación Oso Pardo - FOP
28. GEA Forestal
29. Grupo de Estudo dos Animais Salvaxes - GEAS
30. Grupo Naturalista Hábitat - GNH
31. Grupu d'Ornitoloxía Mavea
32. La Cabana del Trasgu
33. La Jurbial Servicios Ambientales
34. La Xana del Torío
35. Llobu Ecoturismo
36. Mesa Eólica de Las Merindades de Burgos
37. Miramontes Ciencia Tecnología Cultura
38. Mountain Wilderness España
39. Plataforma Bierzo Aire Limpio
40. Plataforma Cabrera Despierta
41. Plataforma de Defensa da Dorsal Sur Galega
42. Plataforma para la Defensa de la Cordillera Cantábrica - PDCC
43. Plataforma para la Defensa de los Valles Pasiegos
44. Plataforma pola Defensa da Serra do Galiñeiro
45. Prada a Tope
46. Rede Galega por un Rural Vivo
47. Sociedad Española para la Conservación y Estudio de los Mamíferos - SECEM
48. Sociedade Galega de Ornitoloxía - SGO
49. Xente dos Ozcos Eo